- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.</li> <li>- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.</li> <li>- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.</li> <li>- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).</li> <li>- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.</li> <li>- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.</li> <li>- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.</li> <li>- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	¿Que queres ser de mayor?	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Estuda textos sinxelos con axuda para identificar elementos formais como maiúsculas, puntos¿	PE	70
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa feitos persoais acontecidos.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un conto dado con coherencia e cohesión		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	É consciente da vertente literaria dos textos e descubre elementos propios desa cualidade, intentando aplicalos ás propias producións.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece os versos dun poema. Recoñece a rima dun poema.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Emprega correctamente o punto e seguido e aparte.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Emprega as regras de ortografía traballadas.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Valora e amosa respecto polas linguas que empregan os seus compañeiros/as.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en diálogos respectando as normas.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Produce textos curtos coherentes.	TI	30
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e rexeita as discriminacións feitas nun debate sobre un tema.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Participa en diálogos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Mellora a súa comprensión lectora.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.	Respecta as normas da biblioteca.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Realiza una selección de fontes documentais para seguir un proceso de investigación sobre un tema do seu interese e compartir os resultados.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Identifica e discrimina informacións falsas.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Le e responde preguntas sobre un texto dado.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Interésase pola lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participa en actividades propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Amosa interese polos textos literarios.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Manifesta interese pola lectura e os textos de diferentes xéneros.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Iníciase na acentuación de palabras.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece orde alfabética.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega vocabulario distinto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.</li> <li>- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).</li> <li>- Procesos: produción oral.</li> <li>- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.</li> <li>- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.</li> <li>- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).</li> </ul>

## Contidos

- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso da biblioteca respectando as súas normas de organización e funcionamento e valorando a participación nas actividades organizadas. Continuidade na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Recoñecemento, de xeito acompañado, de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.</li> <li>- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.</li> <li>- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
  - Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
  - Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
  - A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
  - A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
  - A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
  - A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
  - A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
- Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

#### **4.2. Materiais e recursos didácticos**

<b>Denominación</b>
Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lápiz, rotuladores, ceras, bolígrafos.
Recursos dixitais: páxinas web, aula virtual.
Materiais de aulas específicas: aula de informática, biblioteca.
Material específico de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
Libros de lectura.
Libros de texto.
Materiais específicos de cada unidade.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso realizarase unha avaliación inicial da área a cal estamos a traballar.

Mediante esta avaliación acadaremos a información que precisamos dos alumnos/as, sabendo así tanto o nivel no que se atopa cada un/unha deles/as así como dos contidos dos que parten mediante:

- Lectura en voz alta para ver o grado de entoación, velocidade e ritmo.
- Ficha de comprensión lectora, coa cal saberei o grado no que se atopa.
- Ditado, mediante o cal poderei comprobar a grafía, faltas ortográficas, o orden, signos de puntuación e a unión e separación de palabras.
- Redacción para ver a súa forma de expresarse.
- Copia, para ver o seu grao de atención ao copiar.
- Aspectos gramaticais.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>30</b>

### **Criterios de cualificación:**

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita cada dúas Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada dúas unidades ,cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa así como a interacción directa valoraremos os seus traballos, as exposicións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as.

Así nas unidades 1-2 o 70% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 30% restante mediante a observación directa E do mesmo xeito no resto das unidades.

### **Criterios de recuperación:**

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas: -Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado. -Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión - Partiremos do nivel de cada alumno/a. -Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible. - Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora. As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase: -Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a. -Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade. -Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalie tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua castelá.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos

previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico e emprendedor.		X					X	
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz.			X				X	
ET.7 - Educación para o consumo responsable								X
ET.8 - Educación para a saúde ( incluída a sexual)		X			X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico e emprendedor.			X	
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz.			X	
ET.7 - Educación para o consumo responsable		X		
ET.8 - Educación para a saúde ( incluída a sexual)				X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha obra de teatro (1º trimestre)	Saída ao Pazo da Cultura para ver unha obra de teatro ofertada polo Concello.	X		
Visita á Casa dos Peixes da Coruña ( 2º trimestre)	Este acuario permite ao alumnado coñecer mais de perto a vida mariña.		X	
Visita á Córax ( 3º trimestre)	Toma de contacto dos nenos e nenas cunha reserva cos animais que viven nela.			X

### Observacións:

As actividades propostas poden ser susceptibles de cambios alleos ao centro e están relacionadas con:

- Os contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar. En cada trimestre a maiores celebraránse as diferentes conmemoracións tanto na propia aula como en conxunto co resto do centro.( Magosto, Samaín, Nadal, Día da paz, Entroido, Día da muller, Letras galegas...)
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser:

integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades , a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- O alumnado sentíuse motivado polos retos e desafíos plantexados.
- Temporalización axeitada.
Metodoloxía empregada
- Actividades variadas na aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Recursos variados para a presentación de contidos e realización das tarefas.
- Boa organización do tempo e dos agrupamentos.
Medidas de atención á diversidade
- Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
- Atención á diversidade.

Clima de traballo na aula
- Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
- Boa organización do espazo na aula.
Outros
- Seguimento do proceso ensino-aprendizaxe.

### Descrición:

A principio de curso, elaborárase a programación didáctica da área de Lingua Castelá e Literatura.

A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

Deste modo, tódalas programacións reflicten os seguintes indicadores:

Introdución e contextualización.

-Competencias Clave.

-Obxectivos.

-Contidos.

-Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable e grao mínimo de consecución (mínimos) para superar a materia.

-Temporalización.

-Procedementos e instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía.

-Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.

-Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.

-Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. (Este punto queda recollido no apartado anterior, indicadores de logro).

-Deseño da avaliación inicial.

-Medidas de atención á diversidade.

-Procedemento de información ás familias.

-Actividades complementarias e extraescolares programadas.

-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.

A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación .

Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente, e os resultados académicos existentes, reunirámonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Aspectos a ter en conta:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.



2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022310	CEIP A Gándara	Narón	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	41
4.2. Materiais e recursos didácticos	42
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	44
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
6. Medidas de atención á diversidade	45
7.1. Concreción dos elementos transversais	46
7.2. Actividades complementarias	47
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	47
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	48
9. Outros apartados	48

## 1. Introducción

Esta programación didáctica vai dirixida aos dous grupos de 3º de Educación Primaria do CEIP A Gándara de Narón. O CEIP A Gándara, como o seu nome indica, está ubicado no barrio de A Gándara (Narón). Esta é unha zona urbana de nova construción (con picos nas décadas de 1970-1980 e na primeira do século XXI) na que se asentaron moitas familias novas, con fillos pequenos.

Aínda que nos últimos anos parece haber un pequeno estancamento, debido ás sucesivas crises económicas da comarca, Narón ten sobre 39.000 habitantes (oitavo concello máis poboado de Galicia) e o noso colexio segue a ter grupos numerosos. A práctica totalidade do alumnado emprega o castelán exclusivamente como lingua vehicular principalmente pola ubicación xeográfica (Ferrolterra é unha das comarcas galegas con menor presenza da lingua galega e Narón é un dos concellos que forma parte dela). O nivel socio-económico e cultural das familias é heteroxéneo.

En 3º de Educación Primaria contamos este curso con 47 alumnos/as, distribuídos en dúas aulas de 23 e 24 nenos/as cada unha.

A mestra de inglés destes dous grupos xa coñece practicamente a todo o alumnado deste nivel dende os tres anos, aínda que debido á pandemia houbo dous cursos que foron excepcionais. Este curso incorporáronse unha alumna nova.

É importante destacar que o alumnado neste 3º nivel acaba de ser mesturado, polo que nos primeiros días de clase haberá que prestar tamén especial atención á cohesión de grupo, xa que hai moitos nenos/as que non se coñecen entre eles/elas.

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na área de lingua estranxeira nos primeiros niveis pártese dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación moi sinxelos, e dunha forma lúdica a través de cancións, historias...

Temos sempre presente nesta Programación Didáctica e poñemos especial interese na atención á diversidade do alumnado, na prevención das dificultades da aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A presente programación é a base da práctica diaria da mestra de inglés durante este curso 2024/2025 para este nivel.

Non obstante, debido ás características dos distintos grupos, e dado que esta programación se realiza ao principio do ano académico, esta pode sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos como poden ser o nivel da clase, a presenza de dificultades imprevistas a priori, a frecuencia de condutas disruptivas na aula, etc.

Estes cambios poden afectar a calquera aspecto da programación (metodoloxía, temporalización, pode ser necesario realizar adaptacións dos contidos, da avaliación, etc.).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Welcome Unit: Ready, steady, go!	Visualización dos vídeos da unidade: - Grammar: Grammar Greg Comic escoita e lectura dunha historia sobre as horas. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica. Funcións comunicativas: - Saudos - Expresión do tempo (hora e días da semana) - Expresión de preferencias persoais - Petición de información Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Audición dunhas cancións: I can see	6	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Welcome Unit: Ready, steady, go!	something, My favourite day. Estruturas sintáctico-discursivas: - Present Simple: questions and answers with What's your favourite...? - Present Simple: questions and answers with time . - Spelling: identifying words from their first letter. Léxico: - Hora: half past, o'clock Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	6	6	X		
2	Unit 1: A busy day	Visualización dos vídeos da unidade: - Grammar Greg Comic - Grammar presentation 1 - Life Skills: Be organised - Story: The lost lunchbox - Grammar presentation 2 - Culture: Going to school in Scotland Escoita e lectura dunha historia sobre unha comida e a presentación dun neno escocés sobre a súa viaxe diaria ao colexio. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario con flashcards / wordcards, imaxes /mímica Funcións comunicativas: - Descrición de rutinas diarias - Expresión do tempo - Descrición de medios de transporte - Expresión de accións Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento dos sons ea e ee e audición dun trabalinguas con estes sons. Estruturas sintáctico-discursivas: - Present Simple: questions and answers with time and "How" - Routines: connecting sentences with then Léxico: - Daily routines: get up, go home, go to bed, go to school, have a shower, have breakfast, have dinner, have lunch. - Transport: bike, bus, car, train, walk	15	16	X		
3	Festivals: Halloween	Escoita e lectura das descricións de nenos de países anglo-parlantes de festividades típicas do seu país, neste caso Halloween, en Estados Unidos. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica. Funcións comunicativas: - Expresión de felicitacións - Petición de información - Listado de elementos relacionados con	2	2	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Festivals: Halloween	Halloween Léxico: - Halloween: zombie, wizard, witch, broomstick, cauldron, sweets, costume. Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	2	2	X		
4	Unit 2: School is cool!	Visualización dos vídeos da unidade: - Grammar Greg Comic - Grammar presentation - Life Skills: Make friends - Story: The ghost story - Culture: An amazing school in New Zealand Escoita e lectura dunha historia sobre unha visita a unha biblioteca e a presentación dunha nena neozelandesa sobre o seu colexio. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica. Funcións comunicativas: - Descrición dun horario - Expresión de materias - Expresión do gusto (sobre libros) Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento dos sons a_e e ai e audición dun trabalinguas con estes sons. Estruturas sintáctico-discursivas: - Present Simple: Have you got...? What have you got today? - Do you like...? - Present Simple to talk about types of books. Léxico: - School subjects: Art, English, IT, Maths, Music, PE, Science, Spanish. - Types of book: atlas, comic book, cookbook, dictionary, joke book, storybook	15	16	X		
5	Festivals: Christmas	Escoita e lectura das descricións de nenos de países anglo-parlantes de festividades típicas do seu país, neste caso a cea de Nadal, no Reino Unido. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica. Funcións comunicativas: - Expresión de felicitacións - Petición de información - Listado de elementos relacionados co Nadal Léxico: Christmas: sprouts, turkey, cracker, potatoes, Christmas pudding. Convencións ortográficas:	2	2	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Festivals: Christmas	- O vocabulario da unidade.	2	2	X		
6	Unit 3: Our town	Visualización dos vídeos da unidade: - Grammar Greg Comic - Grammar presentation - Life Skills: Recycle - Story: In the city - Culture: My New York! Escoita e lectura dunha historia sobre un día na cidade e a presentación dunha nena neiorquina sobre a súa cidade. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica. Funcións comunicativas: - Descrición dunha comunidade - Petición de información - Descrición de lugares - Expresión da habilidade Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento dos sons de o e audición dun trabalinguas con estes sons. Estructuras sintáctico-discursivas: - There's affirmative, negative, questions and short answers - Structure: Do you live in (a city)? Léxico: - Places in town: cinema, fire station, hospital, museum, post office, shopping centre, swimming pool, train station - Places: city, country, town, village	15	16		X	
7	Festivals: Pancake Day	Escoita e lectura das descricións de nenos de países anglo-parlantes de festividades típicas do seu país, neste caso o día das Tortiñas (Pancake Day) no Reino Unido. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica. Funcións comunicativas: - Expresión de felicitacións - Petición de información - Listado de elementos relacionados co Pancake Day - Expresión de instrucións Léxico: Pancake Day: , milk, frying pan, sugar, eggs, flour. Convencións ortográficas: O vocabulario da unidade.	2	2		X	
8	Unit 4: Animal magic	Visualización dos vídeos da unidade: - Grammar Greg Comic - Grammar presentation 1 - Life Skills: Find out! - Story: The painting	15	15		X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unit 4: Animal magic	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grammar presentation 2</li> <li>- Grammar presentation 3</li> <li>- Culture: Australian animals</li> </ul> escoita e lectura dunha historia sobre unha reserva de animais e a presentación dunha nena australiana sobre animais do seu país. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica.</li> </ul> Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de animais</li> <li>- Narración de accións</li> <li>- Expresión da posesión e da habilidade</li> </ul> Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento dos sons de v e b e audición dun trabalinguas con estes sons.</li> </ul> Estruturas sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Present Continuous: third person singular, affirmative, negative, questions and short answers</li> <li>- Has got: aff. and negative</li> </ul> Léxico: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Wild animals: crocodile, elephant, flamingo, kangaroo, lion, monkey, ostrich, tiger</li> <li>- Verbs: climb, drink, eat, fly, jump, run, swim.</li> </ul>	15	15		X	
9	Unit 5: Fun time!	Visualización dos vídeos da unidade: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Grammar Greg Comic</li> <li>- Grammar presentation 1</li> <li>- Life Skills: Help out!</li> <li>- Story: The Internet's amazing!</li> <li>- Grammar presentation 2</li> <li>- Culture: Music and dance in Ireland</li> </ul> escoita e lectura dunha historia sobre actividades de internet e a presentación dunha nena irlandesa sobre música e bailes do seu país. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación do vocabulario con flashcards / wordcards, imaxes /mímica.</li> </ul> Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión do gusto (ocio)</li> <li>- Petición de información</li> <li>- Descrición de actividades</li> </ul> Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento dos sons i_e e i e audición dun trabalinguas con estes sons.</li> </ul> Estruturas sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Like + gerund: aff., neg., questions and short answers</li> </ul> Léxico: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Hobbies: doing exercise, going to the park, listening to music, playing the</li> </ul>	14	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Unit 5: Fun time!	recorder, reading comics, rollerblading, using the internet, watching TV - Internet: finding information, learning new things...	14	15			X
10	Unit 6: Fabulous food	Visualización dos vídeos da unidade: - Grammar Greg Comic - Grammar presentation 1 - Life Skills: Eat well - Story: The summer fete - Grammar presentation 2 - Culture: Food in Canada escoita e lectura dunha historia sobre unha festa tradicional no campo e a presentación dunha nena canadense sobre a comida no seu país. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes /mímica. Funcións comunicativas: - Expresar gustos (alimentación) - Descrición de alimentos - Petición de información Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento dos sons ch e audición dun trabalinguas con estes sons. Estruturas sintáctico-discursivas: - Present Simple: questions and answers with What for meals - The verb like: 3rd person singular Léxico: - Food: bread, cereal, eggs, ham, rice, sausage, spaghetti, vegetables - Meals: breakfast, lunch, dinner - Vegetables: beans, broccoli, carrot, cauliflower, celery, peas, spinach.	14	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Welcome Unit: Ready, steady, go!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados cos temas traballados en cada unha das unidades.	PE	45
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Captar o sentido global e procesar información en textos breves e sinxelos sobre os temas traballados na aula.		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais sobre os temas traballados nas diferentes unidades.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre os temas traballados en cada unha das unidades.	TI	55
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar de forma guiada en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, preparadas previamente.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar de forma guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación como as que aparecen ao final de cada unidade.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, mostrando interese polos mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre</li> </ul>



## Contidos

- cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, rutinas diarias...
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: descrición do vocabulario traballado nas unidades.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: seguir instrucións.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas.
- Léxico elemental relativo á vivenda.
- Léxico elemental relativo a lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

## Contidos

- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira, a nosa metodoloxía tratará de levar a cabo os seguintes puntos:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Promover a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, de forma que se sinta integrado neste. O proceso de ensino-aprendizaxe debe xirar en torno o alumnado e non ao revés. O alumnado é o protagonista.
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar actividades adaptadas ao nivel educativo.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Reforzar o positivo. Eloxíaranse os progresos do alumnado, tratando de motivalos e animalos en todo momento.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina.
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.
- Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo e das cancións en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e actividades similares.
- Ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de textos adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable, etc..

-Utilizar materiais visuais e variados, coma o libro de texto, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

A metodoloxía que seguimos ten moi en conta as novas tecnoloxías, xa que sempre traballamos a partir do libro dixital proxectado na pizarra, polo que todas as cancións, historias, etc. poden velas de xeito animado, o cal engade un factor de motivación moi importante.

O feito de contar con pizarra dixital permítenos realizar actividades interactivas, que son tamén moi motivadoras para o alumnado.

O principal espazo do que dispoñemos para levar a cabo a nosa práctica docente é a aula de inglés. A súa disposición permite desprazarse con facilidade polos distintos espazos e os materiais están ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma.

Ao longo do curso poderá variar a distribución do alumnado dentro da aula, dependendo das actividades e das características do grupo-clase (en forma de "U", en grupos, por parellas, etc.). Inicialmente o alumnado está distribuído en grupos de 4 ou 5 alumnos/as.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Libros de texto Go Far 3! (Student's Book e Activity Book)
2- Fichas adicionais de reinforcement / reading / writing / listening / speaking / phonics
3- Libros dixitais
4- Vídeos
5- Flashcards, posters e murais
6- Rimas e cancións
7- Encerado dixital interactivo - smart board
8- Xogos
9 - Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar
10- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais
11- Vídeos de plataformas como Vevo ou Youtube
12- Historias e contos publicados na rede
13- Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola

Neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 3º.

Convén destacar que o principal material do que partimos para a nosa práctica docente son os dous libros de texto (Student's book e Activity book). Neste nivel ao principio do primeiro trimestre avanzamos moi lentamente, xa que este curso supón un gran cambio para o alumnado con respecto ao primeiro ciclo de primaria, especialmente na área de lingua inglesa.

### 1. Libro de texto Go Far 3! Student's Book e Activity Book.

Contamos con dous libros que empregaremos a diario e iremos alternando. O Student's Book recolle todas as historias, os contidos gramaticais e o vocabulario que estamos traballando, mentres que o Activity Book, como o seu nome indica, é o libro de actividades, no que se realizan os exercicios relacionados cos temas estudados ao longo do curso.

Para a selección do libro de texto, tivemos en conta os seguintes aspectos:

- Cobre os obxectivos do currículo.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A progresión é adecuada.
- Contribúe ao desenvolvemento das competencias clave.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
- Recórrese suficientemente á información gráfica mediante imaxes.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

### 2. Fichas adicionais de reinforcement / reading / writing / listening / speaking / phonics

Ao final de cada unidade (se dispoñemos do tempo suficiente para facelo) ou no momento que a mestra considere realizárense actividades de reinforcement / reading / writing / listening / speaking / phonics a través de fichas. Con estas actividades trataremos de asentar o traballado ao longo dos diferentes temas que se vaian traballando ao longo do curso.

Como en ambos os libros contamos con moitos exercicios, estas fichas poderán realizarse ou non.

### 3. Libros dixitais.

O Student's i-book é a versión online do libro do alumno para acceder ao material do curso dende a casa desde varios dispositivos. Dispón dunha función zoom cun toque e i-tools para personalizar o libro. Ademais, contén todos os vídeos e audios, para que poidan repasar as cancións, as historias e o traballado na clase en xeral de xeito cómodo e moi visual cando queiran e dende o lugar que o desexen.

### 4. Vídeos.

Como a metodoloxía que seguimos é moi visual, a diario se traballa a través de vídeos mediante os cales traballamos as cancións, as historias, as leccións de Life Skills e as de cultura.

### 5. Flashcards, posters e murais.

As flashcards (tanto en soporte físico como dixital) son esenciais para a presentación e repaso do vocabulario traballado. Ademais, tamén se poden usar para xogos, para traballar cos robots, etc. Tamén contamos con posters para ver dunha maneira visual o que estamos estudando e de maneira puntual se poden realizar murais en determinadas ocasións.

### 6. Rimas e cancións.

Permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos. En cada un dos temas estudados nas unidades didácticas hai un par de cancións.

### 7. Encerado dixital interactivo - smart board.

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir de aí todo son posibilidades. A diario empregamos a pizarra dixital, xa que é un recurso imprescindible para captar a motivación do alumnado e facer a clase moito máis dinámica e entretida.

### 8. Xogos.

Os xogos irán dende algúns coma xogar coas tarxetas de vocabulario das diferentes unidades ata xogos na pizarra dixital elaborados pola mestra (ou xogos online): memory, Simon says, What's missing?, Guess it!, What's this?, Match it! e Drag it!

### 9. Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso.

### 10. Ferramentas dixitais de elaboración de materiais.

A mestra poderá usar as ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais e outras como Genially ou Canva.

11. Vídeos de plataformas como Vevo ou Youtube.

Poderán usarse (ou non) pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12. Historias e contos publicados na rede.

Se a temporalización das unidades o permite, poderíamos ver e traballar historias e contos publicados na rede coma os seguintes:

- " The Very Quiet Cricket": <https://www.youtube.com/watch?v=YdiGEjz5b0Q>

- " From Head to Toe": <https://www.youtube.com/watch?v=QpCebCxrPVk>

13. Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso, a mestra realizará unha avaliación de diagnose a partir da unidade de benvida (Ready, steady, go!).

O curso de 3º de Educación Primaria é un momento de moitos cambios para o alumnado deste nivel, xa non só polo que implica o feito de cambiar de ciclo, senón tamén porque hai moitos alumnos/as que entre eles/elas non se coñecen, xa que se mesturaron os grupos ao rematar 2º de primaria. Por este motivo, é necesario darlles un tempo (unhas semanas) para que se adapten ao ritmo e ás esixencias que supón 3º. Como punto positivo destacaría o feito de que xa coñecen a mestra e iso xenéralles certa tranquilidade e confianza.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>15</b>	<b>2</b>	<b>15</b>	<b>2</b>	<b>15</b>	<b>2</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>14</b>
<b>Proba escrita</b>	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45
<b>Táboa de indicadores</b>	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>45</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>55</b>

### Criterios de cualificación:

Terase moi en conta o traballo diario do/a alumno/a, a súa participación e implicación á hora de cantar/bailar as cancións, realizar dramatizacións das historias ou cantos, a súa comprensión, etc.

O comportamento tamén se valorará á hora de avaliar ao alumnado, xa que un alumno/a que se comporta de xeito

disruptivo (ben sexa falando, molestando a compañeiros...) non está aproveitando a clase e está interrompendo a correcta dinámica da mesma.

En definitiva, para obter a cualificación de cada trimestre, terase en conta co seguinte peso:

- Grao de adquisición dos obxectivos (criterios de avaliación / control): 70%
- Traballo diario: 10%
- Comportamento: 10%
- Participación e actitude: 10%

Observarase de maneira directa, sistemática e diaria ao alumnado. Faranse controis periódicos (ao rematar cada unha das unidades principais, xa que de Halloween, Christmas, Easter e a unidade de benvida non se realizarán). Analizaranse tamén o resto das producións do alumnado, ben sexa a través de intercambios e preguntas orais ou cancións, actividades do libro, fichas...

É evidente que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia, terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando de maneira trimestral, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior, ademais dos controis periódicos.

Dende a nosa perspectiva, a aprendizaxe da lingua estranxeira é un continuo que non se pode fragmentar, polo que tanto as porcentaxes de peso da materia que aparecen no apartado 3.1. da presente programación coma as porcentaxes correspondentes a proba escrita/táboa de indicadores en cada unha das unidades son meramente orientativas, xa que se avaliarán conxuntamente de maneira trimestral.

No caso de alumnado que presente dificultades na aprendizaxe (diagnosticadas ou non) na avaliación poderán chegar a un 5 con RE (reforzado), o cal significa que lle custa moito chegar a ese suficiente, pero valórase o traballo e o esforzo diario na aula. Esta valoración correspóndelle facela á mestra de inglés, que considerará se debe ou non aprobar a materia.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

No caso do alumnado que non avance ao ritmo do grupo-clase, tratarase de reforzalo con apoio e reforzo educativo por parte da mestra ou ben doutra mestra. Neste caso, a mestra de inglés reunirse coa orientadora do centro para analizar o caso concreto e ver a mellor maneira de tratar de que supere a materia.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Algunhas das actividades que se poderán facer son:

\* Fast finisher activities:

É practicamente imposible que nun mesmo grupo de case 25 alumnos/as rematen todos ao mesmo tempo. Por este motivo, sempre hai nenos/as que acaban antes ca outros aos que lles custa máis realizar as tarefas.

O alumnado que remate antes as tarefas, poderá axudarlles aos compañeiros ou compañeiras que presenten máis dificultades. Tamén poderán realizar algunha actividade lúdica indicada pola mestra coma un debuxo relacionado co tema tratado, algunha ficha a modo de xogo ou recortable, ler un libro do Reading corner, repasar contidos cos robots, xogar a algún dos xogos en inglés que temos na nosa aula de inglés ou facer algunha actividade na PDI.

\* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

- Os/as nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe, recibirán reforzo dentro da propia aula por parte da mestra de inglés. Este reforzo poderá consistir en explicacións persoalizadas, prestarlle especial seguimento ao traballo diario, fichas adicionais...

\*Alumnado con TDA:

Teranse en conta as seguintes pautas:

- Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
- Preguntarlles cada pouco para comprobar que está entendendo.
- Utilizar estratexias para captar a atención do alumno, como xesticulación, entoación, dramatizacións...
- Utilizar reforzos e apoios visuais.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.

\*Nenos e nenas con trastornos de conduta:

No caso de que o alumnado con problemas de conduta se comporte de xeito disruptivo dificultando o normal desenvolvemento das clases, tratarase de buscar solucións xunto coa orientadora do centro para que estas condutas non afecten ao resto do grupo (interrupcións constantes, condutas agresivas, faltas de respecto, etc.).

Pode ser necesaria a presenza de mestres/as de apoio ou das coidadoras para reconducir determinadas condutas durante un período temporal concreto ou ao longo de todo o curso, en función das necesidades.

\*Alumnado de altas capacidades:

No caso de alumnado de altas capacidades, ao estarmos en niveis moi elementais da educación primaria e ao empezar a introducir a escrita e ver vocabulario, estruturas e cancións que nada teñen que ver coas da súa lingua materna, en principio tratarase de que sigan o ritmo do grupo-clase. Poñerase especial atención en tratar de manter a motivación.

Se se observa que hai unha falta de interese pola súa parte ben porque xa teñan adquiridos os conceptos explicados, ou ben por algún outro motivo, tratarase de poñer en marcha os mecanismos necesarios para solucionar ese problema (ampliación de contidos, xogos ou calquera outra actividade que se considere oportuna).

\*Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso:

Se durante o curso se observan casos de alumnado que requira unha atención especial polo motivo que sexa e non apareza recollida na presente programación, tomaranse as medidas necesarias en colaboración co Departamento de Orientación do centro.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X					X		X
ET.2 - Os dereitos da Infancia			X	X			X	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos		X			X		X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes		
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos		

**Observacións:**

Na área de LE trataremos de traballar como elementos transversais a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos da infancia e a resolución pacífica de conflitos ao longo de todo o curso.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola.	Samaín, nadal, entroido, pascua....	X	X	
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Christmas...	X		

**Observacións:**

Traballaranse brevemente as conmemoracións da escola e as específicas relacionadas coa lingua estranxeira a través de actividades lúdicas no momento do curso que corresponda.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.



<b>Metodoloxía empregada</b>
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Empregáronse diferentes tipos de agrupamentos e diversidade de materiais.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Leváronse a cabo medidas de atención á diversidade atendendo ás características do noso alumnado.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL

#### **Descrición:**

Estes indicadores irán asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un (conseguido / en proceso / non conseguido).

A recollida de datos levarase a cabo ao final de cada unha das unidades didácticas, co fin de avaliar a práctica docente nese momento e analizar se debemos modificar determinados aspectos na nosa metodoloxía.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Ao final de cada unidade, a mestra fará unha avaliación dos indicadores comentados no punto anterior, para valorar as posibles melloras que se deban levar a cabo nas seguintes unidades e no desenvolvemento do curso en xeral.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022310	CEIP A Gándara	Narón	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	3º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	39
4.2. Materiais e recursos didácticos	40
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	41
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	42
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	43
7.2. Actividades complementarias	44
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	45
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	46
9. Outros apartados	46

## 1. Introducción

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que escola queremos?	A conversa. O dicionario. Os sons e as grafías. A linguaxe e as linguas. O verso e a estrofa.	8	12	X		
2	Somos o que comemos	A información do dicionario. O son k As clases de palabras	8	12	X		
3	Iguais e diferentes	Descibir unha persoa. Palabras polisémicas. O son G. A diérese. O substantivo. O xénero e número. A rima.	8	12	X		
4	Como nos coidamos?	Pedir información. Palabras homónimas. O son z. O adxectivo. Un anuncio.	8	12	X		
5	Onde vivimos?	Descibir un lugar. Palabras sinónimas. Palabras con b. Os artigos. Os diálogos.	8	12		X	
6	Convivimos cos animais	Contar unha experiencia persoal. Palabras antónimas. Palabras con v. Os demostrativos. Slogans.	8	12		X	
7	Que futuro ten o planeta?	Achegar argumentos. Palabras onomatopeicas. Palabras con h. Os posesivos.	8	12		X	
8	Salvem os animais e as plantas	Dar unha noticia. Palabras compostas. Palabras con x e con ll. Os numerais e os indefinidos. Un texto instructivo. As imaxes	8	12		X	
9	Como nos divertimos?	Contar chistes. Palabras derivadas.	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Como nos divertimos?	As contraccións do artigo. Os pronomes persoais. O ritmo.	8	11			X
10	Ciencia ao alcance.	Formular hipóteses. Diminutivos e aumentativos. A partición de palabras. O verbo.	9	11			X
11	Realidade o ficción?	Interpretar un personaxe. Xentilicios. Signos que pechan oracións. A oración.Suxeito e predicado.	9	11			X
12	Facémonos oír.	Expresar a opinión. familia de palabras. A coma. As clases de oracións.	10	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que escola queremos?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae idea principal.	PE	70
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribe un texto sinxelo e coherente, expresando cada idea nunha oración.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un conto o poema dado, con coherencia e cohesión.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea un conto sinxelo a partir dun dado, cambiando palabras clave.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as.	TI	30
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece a lingua empregada por alumnado e profesorado.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase coherentemente en diferentes situacións.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa a súa opinión e respecta a dos/as compañeiros/as.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatórios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Emprega un ton axeitado, respectando as diferencias de compañeiros e compañeiras.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca libros na biblioteca		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara e recoñece títulos do mesmo conto en galego e castelán.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece orde alfabética.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Identifica palabras da mesma familia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.
- Contexto



## Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.</li> <li>- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.</li> <li>- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).</li> <li>- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Somos o que comemos	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae idea principal.	PE	70
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Produce textos curtos coherentes (nivel oración).		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Escribe un texto sinxelo, separando as ideas en oracións independentes.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Investiga e fai unha relación de produtos de outono.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea un conto sinxelo a partir dun dado, cambiando palabras clave.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais.	TI	30
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e valora o emprego oral do galego		
